



**ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS – NAIS - TITORES LEGAIS DO ALUMNADO
AO CONSELLO ESCOLAR**

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro), a **Xunta Electoral** deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS – NAIS – TITORES LEGAIS** segundo as normas seguintes:

1. Conforme ao establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21) redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira 1 do Decreto 7/1999, do 07 de xaneiro (DOG do 26), **corresponde elixir no presente proceso electoral a dous pais – nais – titores legais¹**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.
2. **Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais dos alumnos matriculados no Centro e incluídos no Censo** correspondente que a partires do día 10 de novembro está exposto no taboleiro interno da secretaría do centro (edificio administrativo). As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:30 horas do día 8 de novembro.
3. **Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio ou na web do centro.** As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:30 horas do día 11 de novembro.
4. O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en **acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 12 de novembro ás 14:30 horas.** Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o/a de menor idade, preverase o nomeamento de suplentes designados tamén por sorteo.
5. **A campaña electoral comprenderá desde o 30 ao 11 de novembro, ambos os dous inclusive.** As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 15 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
7. **As votacións realizaranse neste Colexio o día 18 de novembro, de 09:45 a 12:00 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:35 horas.**
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo dun nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, segredo e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. **Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.**
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Cambre, a 25 de outubro de 2024

A Presidenta da Xunta Electoral

Asdo: Laura Casal Berdeal

(1) No caso de que se produciran baixas, aplicar o número que proceda.